

REGULAMENTO DAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017)

Exposición de motivos

Dende que a USC se dotou dos principais regulamentos para a tramitación das titulacións de grao e mestrado adaptadas ao EEES, a principal norma estatal que regulaba estes estudos foi o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, que foi modificado en varias ocasións, principalmente polo RD 861/2010, do 2 de xullo, o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, que regula as ensinanzas oficiais de doutoramento e o RD 43/2015, do 2 de febreiro, que volve modificar a estrutura dos graos e mestrados flexibilizándoa para facilitar a internacionalización das persoas egresadas. Coa finalidade de coñecer a carga lectiva dos distintos graos, é dicir, que estudos universitarios de grao teñen 180 créditos e que estudos 240 créditos, publícase a Resolución do 11 de maio de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades, co Acordo do Consello de Universidades do 10 de maio de 2017, polo que se ordenan as ensinanzas universitarias de grao.

A necesidade de adecuar as normas da USC a este marco normativo, a experiencia adquirida na tramitación das titulacións adaptadas ao EEES e as posibilidades que o dito marco lles permite ás universidades (graos de 180 créditos, programas de dobres titulacións, organización das ensinanzas en modo semipresencial ou en liña e nova organización do doutoramento) é o que motiva a revisión de toda a normativa existente ao respecto e a elaboración dun único documento con toda esta regulamentación, sen prexuízo do posterior desenvolvemento que ao respecto se poida facer. Asemade, para facilitar a consulta da normativa que se utiliza na tramitación das titulacións de grao e mestrado, incorpóranse a este documento as citas aos distintos acordos a que se fai referencia no documento ou as ligazóns dispoñibles.

CAPÍTULO I: PRINCIPIOS XERAIS

Contexto legal

Os estudos de grao e mestrado e a obtención dos respectivos títulos na USC rexeranse pola Lei orgánica de universidades 6/2011, do 21 de decembro, e as súas modificacións, polo Real decreto 1393/2007 e as súas posteriores modificacións, polo Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 161/2015, do 5 de novembro e a Orde do 20 de marzo de 2012 que desenvolve o decreto 222/2011, pola Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e demais disposicións

promulgadas polo Estado, a Comunidade Autónoma e a USC no ámbito das competencias que teñen cada unha das administracións e, en particular, por este regulamento.

Ámbito de aplicación

Esta normativa ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de mestrado universitario conducentes á obtención dos títulos de graduado/a e de mestrado universitario pola Universidade de Santiago de Compostela, que terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Definicións

Para os efectos do que se establece nesta norma enténdese por:

- a. **Centro responsable do título:** centro (facultade ou escola) ao que se adscribe o título e ao cal lle corresponderá a tramitación da memoria perante a administración correspondente así como a verificación, seguimento, modificación e acreditación do título (ciclo VSMA). Só pode haber un centro responsable aínda que o título se imparta en varios centros.
- b. **Centro de impartición:** centro (facultade ou escola) no que o título se imparte integramente. Un mesmo título poderá impartirse en máis dun centro.
- c. **Universidade responsable:** no caso de títulos conxuntos interuniversitarios do SUG, a universidade responsable será a que tramite a solicitude de título perante a Comunidade Autónoma. Corresponderalle a esta universidade a tramitación do ciclo VSMA. Cando no título interuniversitario participen universidades de fóra do SUG, unha das universidades galegas que participe no título deberá ser a responsable da tramitación do expediente de solicitude do título perante a Comunidade Autónoma.
- d. **Universidade coordinadora:** no caso de títulos conxuntos interuniversitarios tanto do SUG como de fóra da Comunidade Autónoma, deberá nomearse unha universidade coordinadora responsable da coordinación académica do título. Esta universidade poderá coincidir ou non coa universidade responsable.
- e. **Ciclo VSMA:** ciclo de actividades de garantía da calidade das ensinanzas [verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación].

CAPÍTULO II: LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

As seguintes directrices establécense para as titulacións de grao e mestrado, agás, no que corresponda, aquelas que teñan directivas comunitarias propias e, segundo o establecido nos artigos 12.9 (grao) e 15.4 (mestrado) do RD 1393/2007, as que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España.

1. Das titulacións de grao e mestrado

1.1. Denomínase grao o ensino que ten como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. Nestes programas de estudo primárase a formación básica e xeral do estudante fronte á especialización.

1.2. Denomínase mestrado universitario o ensino que ten por finalidade a adquisición por parte do estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada ou ben á especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras.

1.3. Consonte ao establecido no artigo 12.4 do RD 1393/2007, as titulacións de grao e mestrado deberán adscribirse a unha das seguintes ramas do coñecemento: (a) Artes e Humanidades; (b) Ciencias; (c) Ciencias da Saúde; (d) Ciencias Sociais e Xurídicas; (e) Enxeñaría e Arquitectura. Os mestrados universitarios, ademais, deberán establecer claramente a súa orientación ou enfoque, que poderá ser: académica ou profesional, investigadora, ou unha combinación de ambas as dúas segundo distintos itinerarios formativos. O plan de estudos dun mestrado oficial deberá adecuarse á/s súa/s orientación/s.

1.4. Os títulos oficiais de grao na USC terán entre 180 e 240 créditos, os cales conterán toda a formación teórica e práctica que deberá acadar o estudante.

1.5. Os títulos oficiais de mestrado universitario na USC terán entre 60 e 120 créditos, os cales conterán toda a formación teórica e práctica que deberá acadar o estudante. Recoméndase que as titulacións de mestrado contén cun mínimo de 90 créditos para facilitar a internacionalización dos estudos e a comparación cos mestrados europeos.

1.6. Os títulos de grao que por esixencias de normativa da Unión Europea teñan 300 créditos ou máis, dos cales un mínimo de 60 conteñan descritores de nivel de mestrado, poderán obter a adscrición ao nivel 3 (mestrado) do MECES (Marco Español de Cualificación para a Educación Superior) para o cal, en todo caso, deberán someterse ao procedemento establecido na disposición adicional décimo cuarta do RD 1393/2007, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (adscrición ao nivel 3 –mestrado– do MECES de determinados títulos de grao).

1.7. No caso de títulos de grao ou mestrado que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas, correspóndelle ao Goberno establecer as condicións a que deberán axustarse os programas de estudo e, de ser o caso, a normativa europea aplicable.

1.8. Igualmente, nos supostos nos que a normativa da Unión Europea estableza esixencias de formación especiais, correspóndelle ao Goberno regular as titulacións de grao que constitúen o requisito de acceso ao título de mestrado habilitante.

1.9. Poderán desenvolverse graos e mestrados conxuntos (interuniversitarios) cando sexan impartidos por máis dunha universidade e conduzan a un único título. Estes títulos terán unha única denominación e un único plan de estudos.

1.10. Os títulos interuniversitarios de grao e mestrado deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Unha das universidades participantes deberá ser a universidade responsable. Se a dita universidade non é española, debe nomearse unha universidade española responsable da tramitación do título.
- b. A modificación das universidades que participan no título suporá iniciar un proceso de extinción do título verificado e a verificación dun novo título.
- c. A universidade española responsable da tramitación será tamén a responsable do ciclo VSMA.
- d. Se nun título interuniversitario participan universidades do SUG e ningunha é a responsable do título, designarase unha universidade do SUG como responsable da súa tramitación perante o órgano competente da Xunta de Galicia.
- e. Como norma xeral a USC debe ser universidade coordinadora e tamén responsable nos títulos interuniversitarios cando imparta máis do 50% dos seus créditos.
- f. As universidades que participan nos graos interuniversitarios deberán impartir créditos de formación básica, obrigatorios e/ou optativos, e quedarán excluídos desta consideración, para os efectos de participación, o TFG e as prácticas externas. As universidades que participan nos mestrados interuniversitarios deberán impartir créditos obrigatorios e/ou optativos, e quedarán excluídos desta consideración, para os efectos de participación, o TFM e as prácticas externas.
- g. Para considerar a participación da USC en títulos interuniversitarios, o número de créditos que imparta a USC deberá gardar unha proporción similar co que imparten as demais universidades participantes. En calquera caso, corresponderalle á Comisión de Titulacións e Ordenación Docente delegada do Claustro, logo do informe do centro responsable do título na USC, emitir un informe sobre o interese da proposta para a USC. No caso de que non se reúnan estes requisitos, poderán establecerse convenios de colaboración do PDI de acordo cos departamentos, pero en ningún caso terá a consideración de título interuniversitario.
- h. O convenio que regule os títulos de grao e mestrado interuniversitario deberá reflectir as seguintes cuestións:
 - i. Universidades participantes responsables da custodia dos expedientes dos estudantes e da expedición do título.
 - ii. Responsabilidades de cada unha das universidades participantes: universidade responsable do título e universidade coordinadora. Por defecto, a universidade coordinadora será a responsable do título. Onda non, indicarse expresamente a rotación entre as universidades participantes.

- iii. Procedemento de toma de decisións sobre a proposta de modificación e extinción do plan de estudos.
- iv. Información sobre os mecanismos de coordinación docente e de mobilidade e a súa constitución.
- v. Información sobre os sistemas de garantía de calidade (en diante, SGC) das universidades participantes.
- vi. Información sobre o procedemento de intercambio de datos e documentación entre as universidades participantes, que poderá engadirse como unha addenda ao convenio.
- vii. Total de prazas ofertadas e prazas ofertadas para cada unha das universidades, no caso de estaren repartidas. Tamén se poderá indicar se as prazas vacantes nunha universidade se poden transferir a outra na que exista unha maior demanda sempre que todo ilo quede reflectido na memoria verificada do título (MVT).
- viii. Criterios de acceso e de admisión, que deberán ser os mesmos en todas as universidades participantes.
- ix. Condicións de participación das universidades no título: capacitación académica e científica e achega económica de cada universidade.
- x. Condicións relativas á matrícula do alumnado do título e da normativa académica e de prezos públicos.
- xi. Información sobre o procedemento de modificación do convenio.

1.11. Nos títulos interuniversitarios internacionais nos que participe a USC corresponderalle a ela custodiar os expedientes do alumnado ao que lle expida o título.

1.12. Os mestrados internacionais Erasmus Mundus rexeranse pola súa normativa específica.

1.13. Os títulos de grao e mestrado interuniversitarios deberán ser aprobados polos órganos competentes das distintas universidades participantes. Na USC aprobaranse consonte ao que se determina neste documento.

1.14. Poderán desenvolverse dobres títulos de grao e mestrado (dentro das titulacións da USC ou con outras universidades do SUG, españolas ou estranxeiras) cando se estableza un itinerario formativo para o alumno que dea lugar aos dous títulos. Estes títulos rexeranse pola normativa propia desenvolvida pola USC ao respecto (*Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC, aprobada no Consello de Goberno do 27 de marzo de 2015*).

2. Órganos responsables das titulacións de grao e mestrado

2.1. As facultades e escolas (en diante, centros) son as encargadas do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais de grao e mestrado (*artigo 50 dos Estatutos da USC*). Correspóndelles a elas as funcións

da elaboración dos plans de estudo das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas compartidas por varios centros (*artigo 51.a dos Estatutos da USC*).

2.2. Son competencias da xunta de centro a elaboración e aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte á lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario (*artigo 98.d dos Estatutos da USC*), para o cal debe contar coa participación dos departamentos implicados no título.

2.3. É competencia da xunta de centro a aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais (*artigo 98.e dos Estatutos da USC*). En calquera caso, estas competencias deberán desenvolverse tendo en conta a participación dos promotores dun título.

2.4. Correspóndelle ao Consello de Goberno da USC aprobar os plans de estudos, así como os criterios e o calendario que regularán a presentación de novas propostas de grao e mestrado, logo do informe da Comisión de Titulacións e Ordenación Docente delegada do Claustro (*artigo 81 dos Estatutos da USC*).

3. Órganos académicos das titulacións de grao e mestrado: comisión de título e coordinador/a

3.1. A comisión do título (de grao ou mestrado) é o órgano colexiado ordinario de xestión do título e ocuparase daquelas cuestións que atinxan ao normal desenvolvemento do programa de estudos que establece a memoria, de acordo co regulamento de réxime interno e/ou SGC do centro. No caso de títulos interuniversitarios, rexerá o que indique o convenio.

3.2. As competencias da comisión do título poden residir noutra comisión existente no centro de acordo co que determine o regulamento de réxime interno e/ou o SGC do centro¹. Así mesmo, a coordinación do título pode recaer nunha figura propia ou nun membro do equipo directivo. Por tanto, todas as referencias á comisión do título e a/o coordinador/a nesta normativa farán referencia á comisión ou persoa coas ditas competencias no centro. No caso de títulos interuniversitarios, a comisión do título terá a composición que se indique no seu correspondente convenio e/ou no seu regulamento de réxime interno.

3.3. No caso de titulacións de grao que se impartan en varios centros consonte á memoria verificada, existirá unha comisión do título en cada centro de impartición. Deberá á súa vez existir unha comisión intercentros con sede no centro responsable do título para tratar todas as cuestións relativas ao ciclo VSMA. No caso de titulacións de grao cuxa docencia se imparta en varios centros e isto non figure na autorización de implantación do título aínda que poida figurar na memoria

¹ No caso de títulos de grao intercentros, onde existe unha comisión de título por cada centro de impartición, enténdese que o *centro* se refire ao centro de impartición.

verificada, existirá unha única comisión do título na que participarán os representantes dos centros implicados. Estes representantes serán nomeados segundo estableza o regulamento de réxime interno e/ou SGC do centro responsable, tendo en conta a proposta dos outros centros nos que se imparte o título de acordo co apartado 3.6.

3.4. Aprobada a implantación dun título de grao ou de mestrado universitario, a xunta do centro aprobará a composición da comisión do título mediante informe razoado que será enviado á vicerreitoría con competencias en titulacións, que lle trasladará a proposta ao reitor para o seu nomeamento. Se o título é interuniversitario, cada universidade nomeará os representantes que formen parte da comisión interuniversitaria do título nos termos que estableza o convenio.

3.5. A comisión do título (de grao ou mestrado) estará constituída por:

- a. O/A responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá.
- b. Un/ha coordinador/a que será PDI do título.
- c. Un/ha secretario/a, que será elixido/a entre os membros da comisión.
- d. O/a responsable de calidade do centro (RCC).
- e. Un mínimo de 4 e un máximo de 12 membros do PDI, que serán elixidos segundo o regulamento de réxime interno do centro entre os docentes do título cunha representación proporcional á encarga lectiva das súas áreas de coñecemento e departamentos, salvo que o regulamento de réxime interno e/ou SGC do centro especifique outro número e/ou representación. En casos debidamente xustificadas (coordinación horizontal e vertical do título) este número poderá ser maior. O número mínimo poderá ser inferior a 4 no caso de títulos interuniversitarios cunha participación minoritaria da USC ou cun número elevado de universidades participantes, segundo estableza o convenio interuniversitario. Os representantes do PDI na comisión do título deberán ter dedicación a tempo completo na USC agás que o regulamento de réxime interno e/ou SGC do centro permita unha dedicación distinta.
- f. Cando o título se imparta en distintos centros, e o centro responsable do título sexa o único que figura na memoria verificada, deberá formar parte da comisión cadanseu representante dos demais centros nos que se imparta o título.
- g. O/a responsable de apoio á xestión de centros e departamentos do centro.
- h. Un mínimo dun/dunha estudante do título.
- i. Poderán participar (con voz pero sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresados, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

3.6. Ademais, poderá crearse un comité consultivo do título ou do centro, segundo estableza o SGC do centro, para ter en conta a información dos egresados, colexios profesionais, empresas e, en xeral, unha representación dos grupos de interese. De existir no centro responsable un comité consultivo axeitado para o título proposto, non se creará outro novo.

3.7. No caso dos títulos interuniversitarios, o convenio regulador deberá contemplar a existencia dunha comisión do título interuniversitaria e as normas de composición, da que deberá formar parte o/a coordinador/a do título na USC.

3.8. Serán funcións da comisión do título as que lles outorga o regulamento de réxime interno e aqueloutras que se lle poidan asignar no marco do SGC do centro e, en calquera caso, as seguintes:

- a. Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola xunta de centro e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola xunta de centro.
- b. Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola xunta de centro e posterior aprobación pola vicerreitoría con competencias na materia. No caso de centros con varias titulacións de grao, estas competencias poderán residir na comisión que a tal respecto se indique no seu regulamento de réxime interno e/ou SGIC. Unha vez comunicada por parte do centro a aprobación do PDA aos departamentos que interveñen na docencia do título, estes asignarán o profesorado ás materias do título de acordo coa normativa vixente e a cualificación docente e investigadora do PDI.
- c. Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para á súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.
- d. Analizar a guía docente (programación) de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado a encargada docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título (MVT) vixente e dar traslado do seu informe á xunta do centro para a súa aprobación.
- e. Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no título.
- f. Para os títulos de mestrado, determinar os complementos formativos que deban realizar os estudantes matriculados en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa de estudos.
- g. Tramitar propostas de modificación do título consonte ao establecido neste documento e a normativa en vigor.
- h. Todas aqueloutras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

3.9. O/A coordinador/a do título² será o/a responsable de lideralo e organizalo. Deberá ser un/ha profesor/a doutor/a con vinculación permanente á USC, dedicación exclusiva e docencia no título que coordina. En situacións excepcionais, o coordinador do grao poderá ser profesor non doutor, pero deberá cumprir as demais condicións.

3.10. O/A coordinador/a do título será nomeado/a polo/a reitor/a da USC. En ambos os casos, informarase do nomeamento á xunta do centro e aos departamentos que participan na docencia do título. No caso de cesamento, dimisión ou baixa por calquera circunstancia do/a coordinador/a do título, corresponderalle exercer estas funcións ao docente de maior categoría e máis antigüidade na Universidade que forme parte da comisión do título ata que se proceda ao nomeamento do/a novo/a coordinador/a.

3.11. Serán funcións do/a coordinador/a do título de grao ou mestrado:

- a. Actuar en representación do título, dirixilo e coordinalo.
- b. Dar traslado da proposta de PDA formulada pola comisión do título, caso de que a comisión do título teña esas competencias, ao/á decano/a ou director/a do centro, para a súa aprobación inicial pola xunta de centro e posterior aprobación pola vicerreitoría con competencias na materia.
- c. Difundir entre o profesorado do título calquera información relativa á súa xestión académica.
- d. Coordinar os procesos de avaliación de calidade do título de acordo co SGC aplicable e trasladar a información que proceda á comisión de calidade do centro.
- e. Asumir todas as competencias relativas ás actas que lle outorga a normativa vixente.
- f. Calquera outra función que lle for asignada polos órganos competentes.

3.12. Os títulos interuniversitarios nos que participe a USC que contemplan a figura dun coordinador xeral ou interuniversitario tamén terán unha persoa coordinadora de título na USC, que será elixida igual que no caso dos títulos exclusivos da USC e exercerá as mesmas funcións, ademais das propias que estableza o convenio ou que deriven do seu carácter interuniversitario. Cando a USC sexa a coordinadora do título interuniversitario, as funcións de ambos os cargos (coordinador/a xeral do título e coordinador/a local da USC), de existiren, deberán estar ben definidas e diferenciadas no convenio interuniversitario e no regulamento de réxime interno. As funcións serán as xa definidas no punto 3.12, ademais das propias que estableza o convenio ou que deriven do seu carácter interuniversitario.

3.13. A renovación da comisión do título efectuarase cada catro anos, ao igual que a do/a coordinador/a. A duración máxima no posto de coordinador/a será de 8 anos consecutivos. Estas renovacións realizaranse consonte ao que determine o regulamento de réxime interno e/ou SGC

² No caso de títulos de grao intercentros, onde existe unha comisión do título por cada centro de impartición, enténdese que o *coordinador* se refire ao de cada centro de impartición.

do centro. Para o caso dos estudantes, a súa renovación farase consonte a duración dos seus estudos en tanto manteñan tal condición na titulación. Nos títulos interuniversitarios procederase consonte ao que determine o convenio.

4. Dos créditos nas titulacións de grao e mestrado

4.1. O crédito enténdese como a unidade de medida do haber académico que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos. Na USC un crédito estímase equiparable a 25 horas de traballo do estudante. En casos excepcionais o crédito poderá chegar ás 30 horas, consonte ao establecido no RD 1125/2003.

4.2. Os plans de estudos de grao establecerán o carácter dos créditos que os integran, especificando se corresponden a materias: (a) de formación básica; (b) obrigatorias; (c) optativas; (d) prácticas externas; (e) traballo de fin de grao (TFG); (f) créditos por actividades recollidas no artigo 12.8 do RD 1393/2007 e (g) recoñecemento de competencias transversais da USC.

4.3. Os plans de estudos de mestrado establecerán o carácter dos créditos que os integran especificando se corresponden a materias: (a) obrigatorias; (b) optativas; (c) optativas vinculadas (corresponden ás materias vinculadas a unha especialidade); (d) prácticas externas e (e) traballo de fin de mestrado (TFM).

4.4. A anterior distribución de créditos para grao (4.2) e mestrado (4.3) deberá aterse aos requisitos contemplados no RD 1393/2007 e a este documento.

4.5. Nas titulacións de grao os créditos deberán distribuírse do seguinte xeito:

- a. O número de créditos de formación básica (FB) ten que ser, como mínimo, o 25% do total dos créditos do título. Con carácter xeral estes créditos deberán ofertarse na primeira metade do plan de estudos e organizaranse en materias dun mínimo de 6 créditos. Polo menos o 60% destes créditos deberán vincularse a algunha das materias da rama de coñecemento á que se adscribirá o título (Anexo II RD 1393/2007).
- b. O número máximo de créditos optativos ($OP_{m\acute{a}x}$) que poderá cursar o alumno para a obtención do título será do 15% do total de créditos do grao. A oferta de créditos optativos ($Oferta_{OP}$) poderá ser de entre 2 e 3 créditos ofertados por cada crédito optativo que deba cursar o estudante (excluídas as prácticas externas optativas), sempre que non se supere o dobre do máximo de oferta de optatividade nin a oferta máxima total da titulación. Esta información resúmese na seguinte táboa.

Nº créditos Titulación A	Nº créditos formación básica FB ($\geq 25\%A$)	Nº créditos optativos (excluídas) PE _{OP}	Nº créditos optativos ofertados $Oferta_{OP} = ratio * OP$ ($\leq 2 * OP_{m\acute{a}x}$)	Oferta total titulación $\leq A + OP_{m\acute{a}x}$
-----------------------------	---	---	--	--

		OP ($\leq 15\%A$)	ratio entre 2 e 3	
180	≥ 45	≤ 27	≤ 54	≤ 207
240	≥ 60	≤ 36	≤ 72	≤ 276
300	≥ 75	≤ 45	≤ 90	≤ 345

A táboa anterior aplicarase sempre que se trate de titulacións que non estean suxeitas a regulación governativa nin comunitaria.

No caso de titulacións de grao que organicen algunha mención que se reflicta na memoria do título (e por tanto na expedición do título), a memoria deberá indicar o número de créditos optativos vinculados á mención que deberán superar os estudantes para a súa obtención. O número máximo de créditos optativos que se oferten en cada mención terá unha ratio de 1,5 por cada crédito optativo que corresponda á mención. En todo caso, con ou sen mencións, a ratio de oferta de optativas non poderá superar os 3 créditos por cada crédito optativo que deba cursar o alumnado para titularse. O mínimo número de créditos nos que se poderá organizar unha mención será de 30.

As materias optativas poderán retirarse da oferta cando non acaden un mínimo de 10 estudantes matriculados. En todo caso deberán ofertarse as materias optativas necesarias para a obtención dunha mención.

- c. Os plans de estudos poderán establecer a realización de prácticas externas, con carácter obrigatorio ou con carácter optativo. No caso de que sexan de carácter optativo non computarán para o máximo da oferta de créditos da titulación aos que se fai referencia no apartado 4.5.b. No caso de prácticas externas de carácter obrigatorio, o órgano proponente do título deberá garantir a súa oferta para todos os estudantes da titulación. Para tal fin, deberán acompañar a memoria cun documento que xustifique a súa viabilidade. Con carácter xeral, o límite máximo da duración das prácticas externas establécese no 25% dos créditos do título. As prácticas externas tenderán a ofertarse na segunda metade do plan de estudos.
- d. O TFG terá un mínimo de 6 créditos e un máximo do 12,5% do total de créditos do título, e deberá realizarse na fase final do plan de estudos.
- e. Os estudantes poderán obter ata un máximo de 12 créditos polo recoñecemento das actividades recollidas no artigo 12.8 do RD 1393/2007 e das competencias transversais da USC, segundo aprobe o Consello de Goberno. En todo caso, o máximo de créditos recoñecibles polas actividades do artigo 12.8 do RD 1393/2007 será de 6 créditos. Os créditos a que se fai referencia neste apartado non computarán para o máximo de créditos que establece o apartado 4.5.b deste documento.

4.6. Nas titulacións de mestrado universitario os créditos que cómpre cursar deberán estruturarse como se indica na seguinte táboa:

Nº créditos titulación	Nº de créditos obrigatorios (OB) (excluídas PE _{OB} e TFM) e optativos (OP)	Nº de créditos obrigatorios (OB) (excluídas PE _{OB} e TFM)	Nº de créditos optativos ofertados
A Entre 60 e 120	B = OB + OP (>=50% A)	OB (>=50% B)	Oferta _{OP} (<=2*OP)

- Os créditos que debe cursar un alumno correspondentes a materias obrigatorias e optativas (incluídas, de ser o caso, as prácticas externas optativas) serán como mínimo un 50% do total de créditos que teña que facer para obter o título do mestrado (valor de B na táboa anterior). Os créditos restantes corresponderán ás prácticas externas obrigatorias e ao TFM.
- Materias obrigatorias (valor de OB na táboa anterior): serán deste tipo, polo menos, o 50% do total de créditos correspondentes a materias obrigatorias e optativas (incluídas, de ser o caso, as prácticas externas optativas) que teña que cursar un alumno para obter o título de mestrado. Para o cálculo deste 50%, as materias optativas vinculadas a unha especialidade computarán como créditos optativos.
- Materias optativas (valor de Oferta_{OP} na táboa anterior): A ratio de oferta de materias optativas será como máximo de 2 créditos por cada crédito optativo que teña que cursar o alumno (excluídas as prácticas externas optativas). Só excepcional e xustificadamente esta ratio poderá ser maior, singularmente no caso de mestrados que organicen especialidades.
- No caso de titulacións de mestrado que organicen algunha especialidade que se reflita na memoria do título (por tanto na expedición do título), a memoria deberá indicar o número de créditos optativos vinculados á especialidade que deberán superar os estudantes para a súa obtención. O número mínimo de créditos nos que se deberá organizar unha especialidade será do 15% dos créditos da titulación (excluídas as prácticas externas obrigatorias e o TFM).
- As materias optativas poderán retirarse da oferta cando non acaden un mínimo de 5 estudantes matriculados. En todo caso deberán ofertarse as materias optativas vinculadas necesarias para a obtención dunha especialidade.
- Os plans de estudos poderán establecer a realización de prácticas externas con carácter obrigatorio ou con carácter optativo. Nos mestrados con orientación profesional deberán ser obrigatorias. No caso de prácticas externas de carácter obrigatorio, o órgano proponente do título deberá garantir a súa oferta para todos os estudantes da titulación. Para tal fin deberán acompañar a memoria cun documento que xustifique a súa viabilidade. Con carácter xeral, o límite máximo de prácticas externas establécese no 25% dos créditos do título.

g. O TFM defenderase á conclusión dos estudos, unha vez superado o resto dos créditos conducentes ao título de mestrado. No caso dos mestrados con enfoque investigador o TFM ou o módulo de TFM deberá ter un mínimo de 12 créditos.

4.7. Os títulos de grao e mestrado interuniversitarios nos que participe a USC poderán ter unha estrutura de créditos diferente da establecida nos dous puntos anteriores (4.5 para grao e 4.6 para mestrado), e regularanse polo convenio interuniversitario.

5. Estrutura das titulacións de grao e mestrado

5.1. Para os títulos de grao, as diferentes materias dos plans de estudo figurarán como créditos de formación básica, créditos obrigatorios ou créditos optativos.

5.2. Para os títulos de mestrado, as diferentes materias dos plans de estudo figurarán como créditos obrigatorios ou créditos optativos.

5.3. Como norma xeral, as materias serán de duración semestral e preferentemente de 6 créditos para os graos e de 3 ou 6 créditos para os mestrados. Sempre que se xustifique, poderán admitirse materias semestrais de 4,5 créditos e anuais de 9 ou 12 créditos. En todo caso, o plan de estudos garantirá que a distribución dos créditos entre os semestres do curso sexa equilibrada.

5.4. As materias poderán organizarse en módulos, que se conciben como bloques formativos integrados por diversas materias que contribúen de forma conxunta e coordinada á consecución dunhas determinadas competencias. Cada módulo debe estar formado por un mínimo de 12 créditos. En todo caso, as unidades de avaliación serán as diferentes materias do módulo. Os módulos dun título de mestrado poderán formar parte da oferta de cursos de formación continua da USC.

5.5. Cando as titulacións conteñan mencións (graos) ou especialidades (mestrados), estas figurarán na memoria do título. No caso de orientacións ou itinerarios curriculares, poderán anotarse no Suplemento Europeo ao Título (SET). Os títulos con mencións (graos) ou especialidades (mestrados) deberán especificar se o alumnado pode obter o título con ou sen mención/especialidade. As mencións/especialidades deberán organizarse cos contidos suficientes e coherentes que as xustifiquen e deberán indicar na memoria do título se o TFG e/ou TFM e as prácticas externas se inclúen na dita mención/especialidade.

Tamén se poderán incluír mencións (grao) ou especialidades (mestrado) nas titulacións que habiliten para o exercicio de profesións reguladas. Nestes casos, o número mínimo de créditos das mencións/especialidades serán os que estableza a memoria do título, sempre que se cumpra o que estableza a normativa que regula o título do que se trate, de existir.

6. Tipos de ensinanza nas titulacións de grao e mestrado

6.1. A USC poderá ofertar ensinanzas de grao ou mestrado do seguinte tipo:

- a. Ensinanza presencial, que é aquela na que o estudante asiste ás actividades formativas regradas desenvolvidas no centro no que se imparte o título de xeito regular e continuado durante todos os cursos.
- b. Ensinanza semipresencial, na que a planificación das actividades formativas recollidas no plan de estudos combina a presencialidade do estudante no centro que imparte o título cun maior traballo autónomo do alumnado respecto da ensinanza presencial.
- c. Ensinanza en liña ou non presencial, na que a maioría das actividades formativas do plan de estudos non requiren da presenza do estudante no centro que imparte o título.

A impartición dunha modalidade non supón a exclusión das outras, pero en todo caso na memoria do título deberán explicitarse as modalidades de ensinanza.

6.2. As modalidades de ensinanza semipresencial e non presencial deberán regular os seguintes aspectos para a súa impartición:

- a. Sistemas de información que lle aclaren ao estudante como será o proceso de ensino-aprendizaxe, especificando os distintos medios utilizados (internet, tv, radio, etc.), os materiais docentes, etc.
- b. Sistemas de apoio específicos ao alumnado unha vez matriculado.
- c. Peculiaridades para a súa impartición e calendario académico (comezo e final das clases, horas presenciais á semana, calendario de exames, etc.).
- d. Organización da docencia (asistencia á clase facultativa, ferramentas informáticas, avaliación diferenciada, metodoloxía docente, guía docente da materia, etc).
- e. Materiais formativos específicos da modalidade non presencial.
- f. No caso de titulacións con gran compoñente práctica, xustificación de como se adquiriran as competencias que teñan unha maior compoñente práctica.
- g. Mecanismos cos que se conta para controlar a identidade dos estudantes nos procesos de avaliación.
- h. Xustificación de dispoñer de profesorado con experiencia en docencia semipresencial ou a distancia e a dedicación deste ao título. Información sobre a forma de computar a dedicación do profesorado nas modalidades semipresencial ou non presencial de acordo coa normativa vixente, de xeito que permita valorar a adecuación dos recursos humanos ao desenvolvemento do título.
- i. Descrición dos medios materiais e os servizos dispoñibles para o cumprimento dos obxectivos da modalidade.
- j. Compromisos de profesores e estudantes.

7. Principios e competencias transversais das titulacións de grao e mestrado da USC

7.1. Os plans de estudo da USC asegurarán, a través das materias e actividades académicas que os conforman, unha formación presidida polos valores cívicos a que se fai referencia no artigo 3.5

do RD 1393/2007, así como dirixida á obtención das competencias básicas recollidas no Anexo I (3.2 para grao e 3.3 para mestrado) do RD 1393/2007.

7.2. Considéranse competencias transversais para todas as titulacións de grao da USC o coñecemento instrumental de: (i) linguas estranxeiras; (ii) lingua galega e (iii) tecnoloxías da información e da comunicación e aquelas outras que para os efectos poida aprobar o Consello de Goberno.

7.3. Os estudantes de todas as titulacións de grao deberán acreditar obrigatoriamente, para a obtención do título, o coñecemento dunha lingua estranxeira ao nivel que determine o Consello de Goberno, o cal é na actualidade o B1. O resto das competencias transversais terán carácter optativo e serán recollidas como créditos da titulación.

7.4. A USC, por acordo do Consello de Goberno, asegurará os mecanismos de recoñecemento destes créditos mediante o establecemento dos criterios de valoración e dos procedementos de acreditación destas competencias. A USC posibilitará unha oferta formativa que facilite a súa obtención. Igualmente a USC, por acordo do Consello de Goberno, aprobará os criterios para a valoración das actividades mencionadas no artigo 12.8 do RD 1393/2007, así como os procedementos para a súa acreditación.

8. Acreditación de competencias, e transferencia e recoñecemento de créditos nas titulacións de grao e mestrado

8.1. Corresponde ao Consello de Goberno aprobar a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (*Acordo de Consello Goberno do 14 de marzo de 2008*) cuxo procedemento de acreditación de competencias poderá ser desenvolto mediante resolución reitoral, (*Resolución reitoral do 15 de abril de 2011, pola que se establece o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e mestrado e posteriores modificacións*).

CAPÍTULO III: NOVAS PROPOSTAS E MODIFICACIÓNS DE TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER

Neste capítulo concrétese quen ten a iniciativa para presentar novas propostas de titulacións de grao e mestrado ou para modificar as xa existentes, así como o calendario e procedemento para facelo.

9. Criterios e calendario de presentación de novas propostas e modificacións das titulacións de grao e mestrado

9.1. Correspóndelle ao Consello de Goberno da USC, a proposta da vicerreitoría con competencias en titulacións e logo do informe da Comisión de Titulacións e Ordenación Docente delegada do Claustro Universitario, aprobar os criterios para a presentación de novas propostas ou transformacións de títulos oficiais de grao e mestrado.

9.2. Igualmente, será o Consello de Goberno, logo do informe da dita Comisión de Titulacións e Ordenación Docente, o que aprobe o calendario e os prazos que serán de aplicación en cada curso académico para tramitar tanto as propostas novas como as modificacións ou supresións dos títulos existentes.

9.3. Como norma xeral, serán excluídas por extemporáneas aquelas propostas que non cumpran os prazos aprobados para a presentación ou modificación de propostas. Non obstante, estas poderán volver presentarse no curso seguinte.

10. Documentación e condicións xerais para novas titulacións de grao e mestrado

10.1 O equipo de goberno da USC velará para que, a través dos servizos, comisións e/ou órganos da USC que corresponda de acordo cos respectivos ámbitos de competencia, se elabore e poña a disposición das comisións redactoras dos plans de estudo de grao e mestrado a documentación esixida polo Anexo I do RD 1393/2007.

10.2 O proxecto de memoria da titulación deberá acompañarse da documentación que establecen os anexos I e II da Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como do resto da documentación que determinen os órganos da USC.

11. Propostas de titulacións de grao e mestrado e viabilidade

11.1. O equipo de goberno da USC e os centros, por iniciativa propia ou a proposta da/s comisión/s de título, poderán formular propostas de transformación das titulacións de grao e mestrado xa implantadas das que son responsables ou son centro de impartición, ou propostas de fusión de varias titulacións. As propostas enviaranse á vicerreitoría con competencias en titulacións.

11.2. No caso dunha titulación *ex novo*, a iniciativa na formulación da nova proposta, ademais dos centros, poderá tomala o equipo de goberno da USC, os departamentos, os centros de investigación (institutos e centros singulares) e as áreas de coñecemento a través dos seus respectivos departamentos que, unha vez informada, daralle trámite³. A proposta deberá formularse ante a vicerreitoría con competencias en titulacións, e conterá a seguinte información:

³ Artigo 49.b) dos Estatutos da USC: *son funcións dos departamentos: o apoio ás iniciativas docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.*

- a. Denominación do título.
- b. Necesidade do título, considerando a estrutura económica da Comunidade Autónoma, o seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real da sociedade e dos estudantes, tendo en conta que a viabilidade dun novo título está condicionada a que alcance a matrícula mínima esixida no Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Interese e obxectivos da titulación, entre os que deberá figurar o seu carácter esencial e estratéxico, que responda ás necesidades formativas e científicas do SUG e ás liñas estratéxicas e de especialización dos campus da USC. Os obxectivos non poderán coincidir cos contidos noutros títulos oficiais existentes na USC para evitar a duplicidade. Os títulos de grao deberán diferenciarse en polo menos o 50% dos créditos (60 créditos no caso de títulos de profesión regulada de enxeñaría técnica). Os títulos de mestrado deberán diferenciarse en polo menos o 50% dos créditos.
- d. Carácter presencial, semipresencial ou non presencial da proposta.
- e. Docentes implicados na iniciativa, departamentos, áreas de coñecemento e, de ser o caso, centros de investigación que poderían participar na oferta docente e que permitan acreditar a viabilidade inicial considerando os recursos existentes.
- f. No caso dunha titulación interuniversitaria, universidade responsable da proposta.
- g. Centro responsable da titulación proposta dentro da USC. No caso de titulacións interuniversitarias, centros participantes.
- h. Acordo motivado da/s xunta/s do/s centro/s que interveñen na nova proposta sobre a súa viabilidade.
- i. Proposta xustificada de comisión de redacción, consonte se indica no punto 12.
- j. Acordo motivado dos departamentos cos que se pretenda contar para a docencia do título sobre a súa participación.

11.3. No caso dunha titulación conxunta (interuniversitaria) formulada a proposta dun centro, ben a partir doutra titulación existente ou ben como proposta *ex novo*, deberá presentarse, xunto á proposta indicada no apartado anterior, unha declaración de intencións do/s reitor/es das universidades participantes ou das vicerreitorías con competencia na materia.

11.4. A Comisión de Titulacións e Ordenación Docente delegada do Claustro, a proposta do seu presidente, deberá emitir un informe de viabilidade sobre a capacidade docente dos departamentos implicados na docencia do título e outro informe en termos semellantes sobre a pertinencia académica do título e o seu aliñamento coas liñas estratéxicas e programación plurianual que ao respecto teña aprobadas a USC.

11.5. O Consello de Goberno, á vista de ambos os dous informes, acordará as propostas que teñen viabilidade para continuar a tramitación e autorizar a elaboración do proxecto de memoria.

11.6. A vicerreitoría con competencias en titulacións dará publicidade entre a comunidade universitaria da USC, polo sistema máis acaído, respecto das titulacións de grao e mestrado cuxa viabilidade sexa aprobada polo Consello de Goberno para elaborar o proxecto de memoria.

12. A comisión de redacción das titulacións de grao e mestrado

12.1. Aprobada a viabilidade de creación/modificación/transformación dunha titulación, a xunta do centro responsable (ou do/s centro/s de impartición no caso dos títulos intercentros) do título ratificará a proposta de composición da comisión de redacción feita polos promotores da titulación ou propondrá modificacións debidamente argumentadas e presentará a súa proposta ao reitor para o seu nomeamento. No caso dunha titulación *ex novo* correspóndelle ao/á reitor/a, a proposta do Consello de Goberno, o nomeamento da comisión de redacción, para o cal deberá ter en conta os centros, departamentos e en xeral os promotores da proposta. Realizados os nomeamentos, a comisión de redacción procederá á elaboración do anteproxecto de memoria do título.

12.2. A comisión de redacción terá unha composición mínima de 5 membros e máxima de 10, entre os que estarán incluídos o/a presidente e o/a secretario da comisión. En casos debidamente xustificadas poderá formularse unha proposta de comisión con maior número de membros, considerándose aprobada coa resolución de nomeamento que corresponda.

12.3. A comisión de redacción estará formada por:

- a. Un/ha presidente/a. A presidencia corresponderalle ao/á responsable do centro que figura como responsable da proposta ou persoa na que delegue, que deberá posuír experiencia acreditada no ámbito de coñecemento da titulación. No caso de títulos interuniversitarios, a presidencia será nomeada coas normas da universidade responsable da proposta.
- b. Unha representación de todos os sectores, que deberá contemplar a participación dos distintos centros, departamentos e, para os mestrados, dos centros de investigación (institutos e centros singulares) que previsiblemente participarán na docencia, debendo ser asemade coherente coas peculiaridades académicas da titulación.
- c. Un/ha secretario/a elixido entre os membros da comisión, que redactará as actas cos acordos.
- d. A/O responsable de apoio á xestión de centros e departamentos do centro responsable do título.
- e. Opcionalmente, poderán proporse suplentes que actuarán no caso de ausencia da persoa titular.
- f. No caso de titulacións que habilitan para profesións reguladas, deberá contarse cunha representación do colexio profesional que corresponda e, de non ser posible, de profesionais de recoñecido prestixio no seu ámbito. Nos demais casos poderán participar, a proposta do centro, persoas alleas á USC para o seu asesoramento. En todos os casos, participarán con voz e sen voto en calidade de asesores.

- g. Poderá proporse a creación dunha comisión asesora externa de carácter consultivo, a proposta do centro e logo da autorización da vicerreitoría con competencias en titulacións, para que a comisión de redacción poida ter en conta a información dos egresados, colexios profesionais, empresas e, en xeral, unha representación dos grupos de interese, dependendo das características do título proposto.

13. Elaboración do anteproxecto de memoria das titulacións de grao e mestrado

13.1. A memoria é o proxecto que configura o título oficial que deberá presentar a USC para a súa verificación e constitúe o compromiso da institución coas características do título e as condicións nas que se desenvolverán as ensinanzas. Na súa redacción deberá terse en conta que, no proceso posterior de renovación da acreditación, a USC deberá xustificar que o realizado é coincidente co proxecto verificado.

13.2. A memoria do título deberá conter a información estruturada nos dez capítulos que se detallan no Anexo I do RD 1393/2007 e posteriores modificacións e que son os que a seguir se indican:

- a. **Descrición do título:** denominación; universidade/s solicitante/s, centro/s responsable/s, modalidade de ensinanza, etc.
- b. **Xustificación do título:** interese académico, científico e profesional; referentes externos (libros brancos, plans doutras universidades, informes de colexios profesionais, etc); descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados na elaboración da proposta. Informes e/ou documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso e a valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe.
- c. **Competencias xerais e específicas que deben adquirir os estudantes:** deberán ser avaliáveis e deberán garantirse as competencias básicas do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES).
- d. **Acceso e admisión de estudantes:** sistemas accesibles de información previa á matriculación, procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso así como sistemas de apoio e orientación logo de que os estudantes estean matriculados; informacións sobre as probas de acceso especiais de ser o caso; información sobre o sistema de transferencia e recoñecemento de créditos.

Cursos ponte ou de adaptación ao grao (complementos formativos) para titulados consonte a anteriores ordenacións académicas: os programas de estudo das titulacións de grao poderán regular o acceso dende as titulacións de diplomado, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico da anterior ordenación mediante a organización de “complementos formativos” agrupados nun curso ponte para facilitar a obtención da correspondente titulación de grao. Os cursos ponte deberán organizarse tendo en conta as competencias que se adquiren no novo grao respecto dos contidos formativos das antigas ensinanzas.

Para estes efectos poderá realizarse unha táboa comparativa coas características do título dende o que se accede ao grao e as que corresponden ao novo grao, o que permitirá seleccionar as materias que deberá cursar o diplomado, o enxeñeiro técnico ou o arquitecto técnico para a obtención do grao. No caso de que ao curso ponte poidan acceder estudantes doutras universidades, a análise comparativa deberá facerse, polo menos, comparando as materias troncais da antiga titulación respecto do novo grao. No caso de que se recoñezan créditos por experiencia profesional ou por ensinanzas universitarias non oficiais, este recoñecemento deberá estar debidamente xustificado tendo en conta as competencias que cómpre acadar no grao, e non poderá superar o 15% do total de créditos que constitúen o plan de estudos. O alumnado que realice o curso ponte deberá realizar o TFG na súa totalidade e acreditar a competencia transversal dunha lingua estranxeira segundo se indica neste documento.

Complementos formativos para os títulos de mestrado: A USC incluírá os procedementos e requisitos de admisión na memoria do título de mestrado, entre os que poderá establecer complementos formativos nalgunha/s disciplina/s, segundo a formación previa acreditada polo estudante. Estes complementos formativos poderán formar parte do mestrado se o número de créditos que cómpre cursar non supera os 120. En todo caso, como norma xeral non formarán parte do mestrado, senón que serán requisitos de acceso cun máximo de 30 créditos. Non obstante, segundo estableza o programa de estudos, poderían admitirse estudantes que precisen destes complementos sempre que cursen os complementos formativos previamente ás materias do mestrado das que dependan.

Os tipos de materias de complementos formativos son:

- i. materias específicas deseñadas como complementos formativos e sen equivalencia en materias das titulacións de grao. Neste caso deberá definirse a correspondente programación docente. Só en casos excepcionais se poderán organizar estes complementos formativos.
- ii. materias de títulos de grao que sexan o “acceso natural” ao mestrado. Os créditos e a programación docente destas materias serán as contidas nas materias do grao. Organizaranse mediante o sistema de inclusión (a materia do mestrado incluírase na do grao a nivel de impartición de docencia).
- iii. No caso dos mestrados interuniversitarios poderán ser complementos formativos materias doutros graos que se impartan nas universidades participantes. A programación docente da materia será a que teña a materia no grao.

En todo caso, formen ou non parte do mestrado, os complementos formativos terán a consideración de materias de nivel de mestrado para os efectos de prezos públicos e para a concesión de bolsas e axudas ao estudo.

- e. **Planificacións das ensinanzas:** estrutura das ensinanzas indicando a) denominación do módulo ou materia; b) contido en créditos; c) organización temporal (semestral, cuadrimestral, etc.); d) carácter das materias (obrigatorio, optativo). Número de créditos de formación básica, obrigatorios, optativos, TFG e prácticas externas (no caso de seren

obrigatorias) que deberá cursar o estudante para titularse. Para cada materia do plan de estudos deberá indicarse a denominación do módulo/materia; as competencias que adquiere o estudante co módulo/materia, unha descrición do módulo/materia; as actividades formativas co contido en créditos, metodoloxía da ensinanza-aprendizaxe e a súa relación coas competencias que debe adquirir o estudante; sistema de avaliación da adquisición das competencias e sistema de cualificacións segundo a lexislación.

- f. **Persoal académico:** descrición do profesorado e outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para implantar o plan de estudos proposto.
- g. **Recursos materiais e servizos:** xustificación de que os medios materiais e servizos dispoñibles son adecuados para garantir a adquisición de competencias e o desenvolvemento das actividades formativas planificadas.
- h. **Resultados previstos:** estimación e xustificación dos valores para os seguintes indicadores: taxa de graduación, taxa de abandono e taxa de eficiencia, así como o procedemento que aplicará a USC para medir o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes dende o punto de vista da adquisición de competencias.
- i. **Sistema de garantía de calidade** do centro que propón o título de acordo co SGC da USC.
- j. **Procedemento de implantación do título:** cronograma de implantación do título. Procedemento de adaptación, de ser o caso, ao novo plan de estudos e ensinanzas que se extinguen pola implantación do título. A proposta deberá especificar o procedemento de implantación e, no caso de substituír a outro título, o correspondente procedemento de extinción para o plan que substitúe. Con carácter xeral promoverase a implantación dos plans curso a curso ou de grupos de cursos en dous anos académicos. De substituír a outro título, estableceranse táboas de recoñecemento dos estudos realizados nos actuais plans de estudos que lles faciliten aos estudantes a súa incorporación aos novos plans de estudo nos que aqueles se transforman. Tamén se establecerán estas táboas no caso das titulacións sometidas a modificacións que supoñan unha nova verificación ou aqueles aos que lles sexa asignado un novo número de rexistro no Registro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

13.3. Xunto coa memoria do programa de estudos deberá incluírse un informe coa adscrición inicial a áreas de coñecemento das materias que conforman a titulación, co obxecto de poder realizar os correspondentes informes sobre os recursos docentes necesarios que suporía a implantación da titulación. Unha vez verificada a titulación, procederase á adscrición definitiva das materias a áreas de coñecemento de acordo co regulamento que ao respecto ten aprobado a USC (*Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias das titulacións de grao a departamentos e áreas de coñecemento na Universidade de Santiago de Compostela Acordo CG 19/11/2009*).

13.4. Ademais da memoria do título que regula o Anexo I do RD 1393/2007, deberá presentarse a documentación requirida pola Comunidade Autónoma no *Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma e*

na Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro. Esta orde regula o procedemento que deben seguir as universidades na presentación das novas propostas, e no artigo 5.1 indica a documentación que debe acompañar á citada solicitude, entre a que se atopa:

- a. *Memoria xustificativa, fidedigna e detallada, do cumprimento dos requisitos, xerais e específicos, recollidos nos artigos 4 e 5 do Decreto 222/2011. Estes requisitos acreditaranse, preferentemente, a través de fontes fiables e constatables de estatística pública (Anexo I).*
- b. *Memoria económica que conterá os datos relativos á infraestrutura material, recursos de persoal docente e investigador e de persoal de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento, segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 222/2011 (Anexo II).*

13.5. Co obxecto de complementar os datos da memoria xustificativa, deberá terse en conta o *Acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a definición dos principios reitores da planificación da oferta académica universitaria no sistema universitario de Galicia ata o curso 2020-21* asinado o 20 de marzo de 2017 no seu apartado Segundo. *Requisitos esixibles ás memorias de verificación das novas titulacións*, no que as universidades se comprometen a observar de xeito estrito os requisitos xa indicados no apartado 13.4 incluíndo nas memorias a seguinte información:

- a. *Xustificación da demanda baseada en evidencias*
- b. *Xustificación dos perfís profesionais a cubrir e as competencias a desenvolver*
- c. *Xustificación da relación coa contorna social*
- d. *Participación de axentes externos na concepción e desenvolvemento do título*
- e. *Prácticas garantidas para o alumno*

14. Procedemento para a tramitación de solicitudes de novas titulacións de grao e mestrado

14.1. As propostas (anteprojectos) de titulacións de grao ou mestrado que elaboren as comisións de redacción serán enviadas á vicerreitoría con competencias en titulacións para sometelas a exposición pública polos medios dispoñibles para tal efecto. Darase traslado do período de exposición pública ao Consello Social para que lles dea publicidade, co fin de que os grupos de interese poidan facer as achegas que crean oportunas.

14.2. O prazo de presentación de alegacións durante a exposición pública dos anteprojectos será de 15 días naturais.

14.3. A comisión de redacción, logo de finalizado o prazo de presentación de alegacións, e trala súa análise, elaborará o anteprojecto de memoria do título consonte ao establecido na normativa en vigor.

14.4. O anteproxecto de memoria do título elaborado pola comisión de redacción, así como as alegacións e os posteriores informes e propostas da dita comisión respecto das alegacións, será presentado á xunta do centro responsable do título para o seu debate e aprobación mediante un informe razoado. No caso de existir varios centros de impartición dun título segundo o anteproxecto de memoria, as xuntas dos ditos centros tamén deberán realizar o proceso de debate e aprobación mediante un informe razoado.

14.5. O texto resultante será o proxecto de memoria do título, que deberá ser enviado xunto co/s informe/s razoado/s de aprobación á vicerreitoría con competencias en titulacións para a súa revisión e pronunciamento, logo da análise dos informes técnicos dos servizos competentes. A vicerreitoría informará á comunidade universitaria sobre este proxecto.

14.6. A vicerreitoría con competencias en titulacións dará traslado da memoria do título, do/s informe/s razoado/s de aprobación e dos informes técnicos elaborados polo servizo con competencia en xestión da oferta e planificación académica á Comisión de Titulacións e Ordenación Docente delegada do Claustro.

14.7. A Comisión de Titulacións e Ordenación Docente delegada do Claustro, para elaborar o informe sobre a pertinencia académica do título, poderá solicitar unha presentación da memoria do título e aclaracións da comisión de redacción, convocar a quen estime necesario e solicitar o apoio de avaliadores externos. Tamén poderá formular suxestións de mellora ao proxecto para que a comisión de redacción considere a súa incorporación antes do pronunciamento do Consello de Goberno. En todo caso, as ditas suxestións deberán figurar no seu informe.

14.8. A Comisión de Titulacións e Ordenación Docente delegada do Claustro emitirá o correspondente informe respecto da capacidade docente dos departamentos implicados na docencia do título segundo os datos aportados pola proposta inicial de adscrición das materias a áreas de coñecemento que se determina no punto 13.3. No caso de ter previsto contar con persoal académico que non sexa profesorado universitario, a proposta deberá xustificar a necesidade deste persoal así como os custos e recursos cos que conta para a súa participación.

15. Aprobación da memoria das titulacións de grao e mestrado e posterior implantación

15.1. O Consello de Goberno da USC, trala recepción dos informes da comisión delegada do Claustro, aprobará a memoria do título, de ser o caso, coas modificacións que estime oportunas para a súa tramitación ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

15.2. O Consello Social da USC emitirá un informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, respecto das memorias aprobadas polo Consello de Goberno, para proceder á súa tramitación.

15.3. O/A reitor/a presentará a memoria co programa do plan de estudos da titulación ante o departamento da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de universidades para que proceda á emisión do informe previo de envío a verificación.

Tal como se indica no apartado 1.10, no caso de titulacións interuniversitarias coordinadas por unha universidade do SUG, a solicitude de informe previo será presentada polo/a reitor/a da universidade responsable, tramitándose un único expediente, sen prexuízo de que a autorización para a implantación da ensinanza se realice para cada unha das universidades do SUG participantes. Se a universidade responsable non pertence ao SUG, as universidades galegas que participen no título designarán entre elas a unha responsable que será a que solicite o informe previo á Xunta de Galicia.

15.4. Trala emisión do informe previo por parte da Xunta de Galicia a USC tramitará, de ser o caso, a memoria do plan de estudos ao Consejo de Universidades para a súa verificación, rexistro no RUCT e correspondente publicación no BOE.

15.5. Unha vez verificada unha titulación de grao ou mestrado, solicitarase a autorización para a súa implantación ao departamento da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de universidades.

16. Modificación da memoria das titulacións de grao e mestrado

16.1. As propostas de modificación dos títulos oficiais de grao ou mestrado deben ser froito do proceso de seguimento. Por este motivo, cada título oficial poderá someterse ao proceso de modificación, como máximo, unha vez en cada curso académico, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas. A comisión do título, ben por iniciativa propia ou por iniciativa da comisión de calidade do centro (CCC), unha vez feita a análise da oferta académica, poderá formular modificacións consistentes tanto na modificación do título como na elaboración dunha nova proposta á que poida dar lugar a modificación. Estas modificacións deberán ser aprobadas pola xunta do centro mediante un informe razoado.

16.2. No caso de que unha mesma titulación se imparta en distintos centros, a comisión intercentros deberá acordar aquelas decisións que impliquen modificacións do proxecto do título. En calquera caso, a dita modificación será aprobada mediante un informe razoado polas xuntas de centro onde se imparta o título e tramitada polo centro responsable do título.

16.3. No caso de centros adscritos que compartan titulacións de grao con outros centros da USC, os centros da USC elaborarán as propostas de modificación da memoria do título, oídos os centros adscritos, os cales en calquera caso se aterán ao acordado finalmente polos órganos da USC.

16.4. Todas as propostas de modificación deberán estar sustentadas nas conclusións do proceso de seguimento do título e, polo tanto, deberán supoñer unha mellora do título que se pretende

modificar. Non se poderán tramitar modificacións dos títulos cando estas coincidan cos procesos de renovación da acreditación.

16.5. As modificacións dos títulos coordinados por universidades do SUG, de acordo co que establece a ACSUG, clasifícanse en:

- a. Substanciais autorizables: son os cambios no título verificado que afectan á estrutura do título pero non supoñen un cambio na súa natureza nin obxectivos. Deberán solicitarse ao través do proceso de modificación aprobado pola ACSUG e de acordo coa normativa que é de aplicación.
- b. Substanciais non autorizables: son cambios substanciais que afectan á natureza e obxectivos do título e que non poden tramitarse mediante o procedemento ordinario de modificación. Só poden facerse efectivos solicitando a verificación dun novo plan de estudos e a extinción do plan implantado.
- c. Non substanciais: son aqueles cambios menores que melloran o título e que se poderán implantar como resultado do proceso de seguimento. Estes cambios, á súa vez, poderán ser de dous tipos: a) que afecten á oferta de créditos de materias optativas, sempre que non repercuta na distribución global dos créditos entre materias obrigatorias e optativas que deba cursar o alumnado; b) que non afecten á oferta de créditos de materias optativas, ao tratarse de modificacións non substanciais que deberán implantarse como resultado do proceso de seguimento do título. En todo caso, deberán recollese nos informes de seguimento e incorporarse á memoria do título cando se someta a un proceso de modificación ordinario.

17. Tramitación e aprobación das modificacións das titulacións de grao e mestrado

17.1. As modificacións substanciais non autorizables serán tramitadas e aprobadas polos mesmos órganos que participan na tramitación dunha proposta nova de título. Nestas modificacións deberá procederse ao nomeamento dunha comisión de redacción.

17.2. As modificacións substanciais autorizables e as non substanciais que afectan á oferta de créditos de materias optativas deberán ser aprobadas pola/s xunta/s do/s centro/s de impartición do título mediante un informe razoado. Os órganos que participan na proposta de modificación do título serán a/s comisión/s do título (que propón e elabora), a comisión intercentros (no caso de títulos de grao e mestrado intercentros, que ratifica a proposta) e a/s comisión/s de calidade do/s centro/s de impartición, que deberán analizar a dita proposta e trasladar o seu informe á/s xunta/s do/s centro/s de impartición para a súa aprobación mediante un informe razoado. Estas modificacións e o informe razoado sobre a súa aprobación serán remitidas polo centro responsable do título á vicerreitoría con competencias en titulacións, que, logo da súa revisión, procederá á exposición pública durante un período de 10 días naturais para a presentación de alegacións.

Finalizado o prazo de alegacións, a comisión que elaborou a proposta de modificación deberá informar sobre as alegacións e, de ser o caso, incorporalas ao título para a súa aprobación, mediante un informe razoado, pola/s xunta/s do/s centro/s de impartición. A continuación, esta/s modificación/s e o/s informe/s sobre aprobación enviaranse á vicerreitoría con competencias en titulacións, que lles dará traslado á Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno para o seu informe e posterior aprobación polo Consello de Goberno.

Aprobada a modificación polo Consello de Goberno, trasladarase ao Consello Social para a súa posterior tramitación ao departamento da Comunidade Autónoma con competencias en materia de universidades, incorporando a documentación que ao respecto se establece na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20 de marzo do 2012. Cando a modificación afecte á oferta de créditos de materias optativas, a comunicación ao departamento da Comunidade Autónoma farase cando haxa que facer máis modificacións para incorporar á memoria. Mentres tanto, incluíranse no informe de seguimento.

17.3. No caso do resto das modificacións non substanciais, deberán integrarse nos informes de seguimento do título e incorporarse á memoria cando se tramite unha modificación seguindo o procedemento que se indica no apartado 17.2.

18. Supresión e extinción das titulacións de grao e mestrado

18.1. A USC poderá acordar a supresión de titulacións oficiais, para o que deberá haber un informe favorable do Consello Social e posterior aprobación polo Consello de Goberno.

18.2. A iniciativa para a supresión dunha titulación poderá tomala o centro responsable da titulación (a proposta, de ser o caso, da comisión do título co informe da comisión de calidade do centro) mediante aprobación pola/s xunta/s de centro ou o Consello de Goberno.

18.3. A proposta deberá ser motivada e deberá incluír as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando eses estudos. No caso de ensinanzas interuniversitarias, achegarase o correspondente convenio para proceder á súa denuncia segundo se estableza no convenio.

18.4. A proposta de supresión deberá tramitarse ao departamento competente en materia de universidades da Xunta de Galicia segundo o calendario establecido por este departamento e, en todo caso, un ano antes ao da supresión do título.

18.5. A extinción dun título pode ser consecuencia tanto da supresión da ensinanza por iniciativa da universidade segundo se indica nos apartados anteriores como da non renovación da acreditación do título, para o cal deberá haber unha resolución do Consejo de Universidades na que se declare extinguido o plan de estudos. En ambos os dous casos o plan de estudos causará baixa no RUCT, o que levará consigo a perda do seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

18.6. A Universidade adoptará as medidas necesarias para salvagardar os dereitos académicos do alumnado que se atope cursando os estudos correspondentes do título extinguido. Para tales efectos, e sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, a USC garantirá a organización de dúas convocatorias (catro oportunidades) de exame nos dous cursos académicos seguintes á data de extinción do título (excluídos o TFG ou o TFM, que terán o seu propio calendario de extinción de acordo coa normativa da USC).

18.7. O departamento da Comunidade Autónoma competente en materia de universidades poderá acordar, mediante orde, a revogación da autorización de implantación dunha ensinanza oficial. Son causas de revogación:

- a. O incumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos aos solicitar a autorización de implantación.
- b. O incumprimento do inicio de impartición segundo o calendario de implantación que estableza a memoria do título.
- c. A extinción do plan de estudos polas causas indicadas no apartado 18.5.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira: As expresións referidas aos cargos académicos e a certas responsabilidades, así como as de alumnos, estudantes e similares, entenderanse nun sentido xeral, sen identificación de sexo, polo que abranguen tanto o xénero feminino como o masculino.

Disposición adicional segunda: Este procedemento dítase para lle dar cumprimento á disposición transitoria sétima (segundo parágrafo) dos Estatutos da USC.

Disposición adicional terceira: Autorízase ao reitor ou persoa en quen delegue para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento desta Normativa.

Disposición transitoria primeira: Mentres non se constitúa a Comisión de Titulacións e Ordenación Docente que establece o artigo 33 do Regulamento do Claustro Universitario, continuarán desenvolvendo as súas funcións a Comisión de Organización Docente e a Comisión de Titulacións e Programas de Estudos. Corresponde á Comisión de Organización Docente emitir o informe sobre a viabilidade das novas titulacións respecto de capacidade do profesorado antes da súa aprobación polo Consello de Goberno. Corresponde á Comisión de Titulacións e Programas de Estudos emitir o informe sobre a viabilidade dos novos plans de estudo, antes da súa aprobación polo Consello de Goberno, segundo o disposto no artigo 81.f) dos Estatutos da USC.

Disposición transitoria segunda: Os centros disporán dun ano para adecuar o seu sistema de garantía de calidade e o seu regulamento de réxime interno a esta normativa dende a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria terceira: As comisións dos títulos de grao e/ou as comisións académicas dos mestrados universitarios deberán axustar a súa composición ao establecido nesta normativa dentro do actual ano 2017 para que, de acordo coa nova composición, se proceda ao seu nomeamento polos responsables dos centros ou polo reitor segundo o caso.

Disposición transitoria cuarta: Os convenios interuniversitarios que non recollan algunha das cuestións indicadas no artigo 1.10.h poderán incorporalos mediante unha addenda ao dito convenio.

Disposición transitoria quinta: A duración máxima no posto de coordinador/a do título indicado no artigo 3.14 enténdese que inicia o seu cómputo a partir da entrada en vigor desta normativa.

Disposición derogatoria

Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste Acordo. En especial quedan derogadas as seguintes normas:

- Liñas Xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007 aprobadas pola Comisión de Titulacións do Claustro Universitario do 9 de abril de 2008.
- Regulamento dos Estudos Oficiais de Posgrao (Acordo do Consello de Goberno do 7 de xuño de 2006).
- Resolución reitoral do 2 de abril de 2007 pola que se desenvolve o Regulamento de estudos oficiais de posgrao en relación cos órganos responsables na elaboración dos programas oficiais de posgrao, a súa tramitación, profesorado, matrícula a tempo parcial e avaliación.
- Regulamento do procedemento para a tramitación e modificacións das titulacións oficiais de grao e mestrado da USC (aprobado polo Consello de Goberno do 17 de decembro de 2015).

Disposición derradeira

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.